



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
15781
Santiago de Compostela

Correo: boletin@edu.xunta.es

AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN PRIMARIA

No [DOG nº 232](#) do venres 30 sae publicada a Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.



PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE BACHARELATO

No [DOG nº 229](#) do martes 27 sae publicada a Orde do 14 de novembro pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2006-2007,

convocados pola Orde do 29 de maio de 2007.



CONCURSO DE TRASLADOS DE ADULTOS

No [DOG nº 229](#) do martes 27 sae publicada a Orde do 16 de novembro de 2007 pola que se convoca concurso de traslados específico, entre funcionarios docentes do corpo de mestres

e do corpo de profesores de ensino secundario, para cubrir prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos.

PALE

Recordase ao profesorado que está aberto o prazo da convocatoria para a selección do profesorado participante no Programa de Apoio ao Ensino e Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras, PALE, itinerario A, para

o ano 2008. Programa cofinanciado polo Ministerio de Educación y Ciencia.




Máis información no web de linguas estranxeiras.

[Acceso](#)



Contido:

Avaliación na Educación Primaria	1
Premios extraordinarios de bacharelato	1
Concurso de traslados de adultos	1
PALE	1
Prazas vacantes	2
Funcionarios docentes no exterior	2
3 de decembro. <i>Día Internacional das persoas con discapacidade</i>	2
IV Concurso Fotográfico Xurxo Lobato	2
Concurso "50 años unidos en la diversidad"	2
2ª edición "Premio Desarrollo para Jóvenes"	



PRAZAS VACANTES

No DOG nº 229 do martes 27 saen publicadas as vacantes de:

- vacantes provisorias dos corpos de profesores que

imparten ensino secundario, formación profesional, ensinanzas artísticas e idiomas para o curso 2008-2009. [Acceso](#)

- as vacantes provisorias nas sedes da Inspección Educativa para o curso 2008-2009. [Acceso](#)

FUNCIONARIOS DOCENTES NO EXTERIOR

O MEC convoca prazas para profesorado de niveis non universitarios en centros no exterior. O BOE, do xoves 29 de novembro, especifica as vacantes ofertadas, o procedemento de solicitude e o de adxudicación das prazas.

A selección dos candidatos/as constará dunha fase xeral, na que se comprobarán e valorarán os méritos achegados, e unha fase específica na que a comisión nomeada para tal efecto, convocará unha proba

escrita. O prazo de presentación de solicitudes é de quince días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación no BOE.

[Acceso ao BOE](#)

3 DE DECEMBRO. DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

O Día Internacional das Persoas con Discapacidade ten coma obxectivo fomentar a súa integración na sociedade e promover a

igualdade de oportunidades. O tema da celebración para 2007 é **Traballo Digno para Persoas con Discapacidade**.

Recursos no portal de contidos. [Acceso](#)

Recursos do CNICE. [Acceso](#)

IV CONCURSO FOTOGRAFICO XURXO LOBATO

A asociación de antigos alumnos do instituto Moneiros, xunto co Instituto e apoiados pola Deputación da Coruña e Galiciacolor, convocan o IV Concurso de Fotografía Xurxo Lobato. Está dirixido ao alumnado

de Educación Secundaria de Galicia. O tema é libre, as fotografías poden presentarse en branco/negro ou cor, cun máximo de tres fotografías por participante. Haberá, un 1º premio: diploma e 400€, 2º premio: di-

ploma e material fotográfico, 3º premio: diploma e material fotográfico. O prazo de presentación será ata o 31 de decembro.

[Máis información.](#)

CONCURSO "50 AÑOS UNIDOS EN LA DIVERSIDAD"

O concurso está dirixido a todos os centros escolares ou organizacións para actividades extraescolares dos 27 Estados Membros da Unión Europea. Anima aos estudantes de 14 a 20 anos a participar en equi-

pos de 10 a 20 enviando as súas propostas; estas serán o resultado dunha actividade escolar multidisciplinar (que inclúa varias materias). A data límite do concurso é o 31 de decembro de 2007. O premio consiste

nunha viaxe a Bruxelas para visitar o Museo de Europa, en marzo de 2008. A viaxe para os 27 equipos gañadores inclúe transporte e aloxamento.

[Máis información.](#)

2ª EDICIÓN "PREMIO DESARROLLO PARA JÓVENES"

Adicado nesta ocasión ao medio ambiente e os países en vías de desenvolvemento. Convocado por European Schoolnet, consorcio constituído por 28 Ministerios de

Educación europeos, no que poden participara o alumnado dos centros escolares dos países membros da Unión Europea. O primeiro premio será unha viaxe a

África. A proposta debe ser enviada a través da rede antes do 6 de xaneiro de 2008.

[Máis información](#)